XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Centros
e Ordenación Educativa

UNIÓN EUROPEA



CPI Plurilingüe Cabo da Area
Isidro Parga Pondal, 45
15118 LAXE
☎ 881 880 709
cpi.cabo.area@edu.xunta.es

## ELECCIÓNS AO CONSELLO ESCOLAR

CIRCULAR INFORMATIVA AO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

En cumprimento do disposto no Decreto7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias (DOG 26-01-99), así como a resolución do 20 de setembro de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG do 29-09-2021), a Xunta Electoral constituída no centro para coordinar o proceso electoral e fixar o calendario de actuacións, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS,** segundo o seguinte:

1. Corresponde renovar e polo tanto elixir **UNHA PERSOA DO SECTOR DE PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS.**
2. Son electores/as e elixibles tódolos/as persoas membras do servizo de Administración e Servizos do centro no presente curso.
3. O **censo electoral** está exposto no taboleiro do centro. As reclamacións ao mesmo realizaranse mediante escrito razoado dirixido a Xunta Electoral, ata ás 14.00 horas do día 12 de novembro.
4. A **presentación de candidaturas** poderá formularse dende o **5 ao 12 de novembro**, segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro Educativo.
5. A **relación de candidaturas** presentadas exporase no taboleiro a partir do 15 de novembro. As reclamacións ao mesmo realizaranse mediante escrito razoado dirixido a Xunta Electoral, ata ás 14.00 horas do día 17 de novembro de 2021.
6. A **campaña electoral** comprenderá do **16 ao 23 de novembro**, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do centro.
7. **As votacións** realizaranse o **24 de novembro de 2021**. A mesa electoral será constituída o mesmo día en acto público ás 09,00 horas, podendo votar posteriormente ata as 09,30 horas.



CPI Plurilingüe Cabo da Area
Isidro Parga Pondal, 45
15118 LAXE
☎ 881 880 709
cpi.cabo.area@edu.xunta.es

8. O voto será directo, secreto e non delegable. Cada persoa fará constar na súa papeleta un máximo de **UN** nome da listaxe de candidatos/as presentados/as.
9. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se puideran formular.

Laxe, 4 de novembro de 2021.

A Directora e Presidenta da Xunta Electoral

Cristina Lage Villar